

Vietnam plántase ante China

Descrición

Nas revoltas augas asiáticas, non só Filipinas ou Xapón alzan a súa voz nos diferendos con China. Tamén Vietnam súmase á greña. A adopción de medidas defensivas por parte de Hanói nas illas disputadas no Mar de China meridional suxire un novo e perigoso chanzo nas tensións con China. Hanói instalou recentemente foguetes e mísiles que poderían alcanzar as pistas e bases baixo control de Beijing. O traslado de lanzamísiles ás súas propias bases suscita a China o nivel de resposta e eleva o grado de militarización das Spratly/Nansha. Trátase da iniciativa de maior alcance por parte de Vietnam nos últimos tempos.

Nas revoltas augas asiáticas, non só Filipinas ou Xapón alzan a súa voz nos diferendos con China. Tamén Vietnam súmase á greña. A adopción de medidas defensivas por parte de Hanói nas illas disputadas no Mar de China meridional suxire un novo e perigoso chanzo nas tensións con China. Hanói instalou recentemente foguetes e mísiles que poderían alcanzar as pistas e bases baixo control de Beijing. O traslado de lanzamísiles ás súas propias bases suscita a China o nivel de resposta e eleva o grado de militarización das Spratly/Nansha. Trátase da iniciativa de maior alcance por parte de Vietnam nos últimos tempos.

Tralo fallo de xullo da Corte Permanente de Arbitraje (CPA) da Haia, que negou validez ás pretensións chinesas, a situación tende a empeorar. Mentres certa esperanza de diálogo avanza entre Beijing e Manila para reparar os estragos, Vietnam, ante o temor dunha reacción chinesa que xa apuntou xeitos con plans para reforzar as súas posicións, quere contrarrestar o avance da proxección continental na zona e reducir a súa vulnerabilidade.

As tensións veñen de lonxe. Aínda sendo países veciños e, máis aínda, aliados ideolóxicos, a sucesión de incidentes enumera unha longa lista. Desde a breve guerra de 1979 ás escaramuzas de 1988, China foi gañando terreo tanto nas Paracel/Xisha como nas Spratly/Nansha, dous dos principais arquipélagos da rexión, nunha estratexia que se mostrou máis incisiva desde comezos da década setenta. Desde entón, á vez que o seu poder económico, as capacidades militares chinesas melloraron substancialmente.

En 2002, ambas partes subscribiron un código de conduta que recomenda a negociación para resolver os desacordos e exclúe xa que logo o recurso á arbitraje ou a mediación internacional. En 2011, no transcurso dunha visita do entón vicepresidente Xi Jinping, ambas partes pactaron acelerar a delimitación das augas territoriais e negociar a explotación conxunta na zona de Paracel/Xisha moi frecuentada polos pescadores vietnamitas. En 2013 as súas respectivas mariñas, por primeira vez, mantiveron encontros e escalas e en 2014 iniciaron un diálogo de defensa. No entanto, esta positiva tendencia naufragou en maio de 2014, ao explotar a cólera vietnamita contra China en razón da instalación dunha plataforma petrolífera na contorna das Paracel/Xisha. Aquela ola de violencia saldouse con varias ducias de mortos e centos de feridos, edificios asaltados e fábricas destruídas. Varios miles de chineses deberon ser evacuados ao seu país con toda urxencia. No Mar de China Meridional pode haber uns 11.000 millóns de barrís de petróleo e 5,4 billóns de metros cúbicos de gas.

A formulación do contencioso á CPA da Haia evaporou a confianza. Logo de Filipinas, Vietnam converteuse no segundo país da ASEAN, dos catro con litixios na zona con China, que opta pola demanda internacional. Como no caso filipino, de pouco lle valerá a Beijing apelar lexitimamente á cláusula de reserva que prevé a convención de Montego Bay porque isto non evitará a adversidade dunha sentenza que se aventura contraria aos intereses chineses. Beijing reclama a soberanía sobre o 90 por cento da zona con base en argumentos de natureza fundamentalmente histórica que son contestados por outros países ribeiregos. O recente desenvolvemento dos acontecementos achegou a Filipinas e Vietnam, poñendo fin a décadas de desconfianza. Xapón e India incrementan a súa proxección na zona. E tamén Rusia intenta recuperar a influencia perdida trala disolución da URSS. Nos anos oitenta, Vietnam recibía a terceira parte do total da súa axuda aos países en desenvolvemento.

O amigo americano

En maio deste ano 2016, Obama converteuse no terceiro presidente estadounidense en visitar Vietnam (tras Clinton e Bush). Nesa visita, adobada co previo ingreso de Hanói no Acordo Transpacífico que lidera EUA e o levantamento do embargo sobre a venda de armas que pesaba sobre o país, podería dicirse que Washington daba por finiquitada a etapa de fabulación dunha certa neutralidade nos diferendos do Mar de China meridional. O número uno do Partido Comunista de Vietnam, Nguyen Phu Trong, visitou Washington en xullo do ano pasado.

Instrumentalizando a conveniencia a obsesión territorial de Beijing e o nacionalismo vietnamita, EUA sumou a Hanói ao eixe conformado con Manila, Seúl e Tokio. Desde 2003, os seus navíos de guerra fan escala en Vietnam cunha frecuencia moi superior á chinesa.

Fronte a esa lóxica militarista que parece impoñerse, urxe un sosegamento das tensións entre China e Vietnam á mantenta das querelas de soberanía no Mar de China meridional. O fracaso neste empeño e na xestión compartida dos seus propios intereses, por máis vitais que sexan, só dá ás ás políticas de contención e formación de bloques que poden arruinar as expectativas da rexión, someténdoa a imperativos alleos.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

China y el mundo chino

ETIQUETAS

China Vietnam Mar de China meridional EUA Spratly

IDIOMA

Galego

Fecha de creación

agosto 27, 2016

Campos meta

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2016-08-27 00:00:00